


RODRIGO CORTÉS



LOS AÑOS EXTRAORDINARIOS

LITERATURA
RANDOM HOUSE

PRESENTACIÓN

Rodrigo Cortés
conversará con
José Manuel Sande
e **Javier Pintor**

Xoves,
28 de outubro
19:30 h

FUNDACIÓN  LUIS SEOANE



Somos o que LEAMOS

Encontros coa literatura contemporánea
COORDINADO POR JAVIER PINTOR

Entrada gratuíta. Aforo limitado, previa reserva no teléfono 981 216 015

PRESENTACIÓN

Xoves 28 de outubro 19:30 h
Fundación Luis Seoane

Rodrigo Cortés quixo ser pintor, escritor e músico; hoxe faino todo á vez ao dedicarse ao cine. Traballou con actores como Robert de Niro, Sigourney Weaver, Ryan Reynolds ou Uma Thurman. É un dos escritores máis singulares da actualidade. A finais de 2013 publica *A las 3 son las 2*, colección de antiaforismos, delirios e bombas de man e, un ano máis tarde, *Sí importa el modo en que un hombre se hunde*, a súa primeira novela. En 2016 aparece o seu novo libro de breverías: *Dormir es de patos*. Firma para ABC a sección VERBOLARIO, e escribe de maneira habitual na súa terceira páxina. Fala de cine, literatura e música en *Aquí hay dragones* e *Todopoderosos*, os dous podcasts máis escoitados do momento. *Los años extraordinarios* é a súa segunda novela.

Los años extraordinarios (Literatura Random House, 2021)

Los años extraordinarios narra a vida de Jaime Fanjul Andueza, un salmantino nacido en 1902. Un home que non dá importancia a nada e que silencia as cousas estrañas que lle ocorren porque no fondo, nada merece que se lle preste demasiada atención. De feito, a realidade que lle rodea non só é estraña para él, senón tamén para o lector; xa que o narrador transpórtanos a un mundo no que non existe a lóxica e no que, por exemplo, os coches funcionan co pensamento, Salamanca consegue ter praia e a Guerra Civil española foi unha loita de todo o país contra os alicantinos. Trátase dunha ucronía de tintes valleinclanescos cuxo protagonista é unha mestura do Don Quijote de Miguel de Cervantes, o Gulliver de Jonathan Swift e o Marco Polo de Italo Calvino. O protagonista de *Los años extraordinarios* é un dos viaxeiros máis impenitentes da literatura española contemporánea. En todos os lugares nos que recala -sexan reais ou froito da imaxinación do autor- ocórrenlle cousas extraordinarias.



Entrada gratuíta. Aforo limitado, previa reserva no teléfono 981 216 015